




**XUNTA  
DE GALICIA**

**C. E. I. P. de FOZ número 1**  
Salvador de Madariaga , s/nº .Apdo. 6 .Tfno (fax) 982 870322  
correo@electrónico : [ceip.numero1.foz@edu.xunta.es](mailto:ceip.numero1.foz@edu.xunta.es)

# PROXECTO LECTOR

## CURSOS 2017 – 2020

### CEIP DE FOZ NÚMERO 1



**INDICE****Pax.**

<b>1. XUSTIFICACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. O NOSO CENTRO</b>	<b>5</b>
<b>2.1. ENTORNO SOCIAL</b>	<b>5</b>
<b>2.2. ALUMNADO</b>	<b>6</b>
<b>2.3. LINGUAS EMPREGADAS NO CENTRO</b>	<b>6</b>
<b>2.3.1. ÁMBITO FAMILIAR</b>	<b>6</b>
<b>2.3.2. ALUMNADO</b>	<b>7</b>
<b>2.3.3. PROFESORADO</b>	<b>7</b>
<b>2.3.4. IDIOMA OFICIAL DO CENTRO</b>	<b>7</b>
<b>2.4. ANÁLISE DA PRÁCTICA LECTORA E ESCRITORA</b>	<b>7</b>
<b>2.5. ACTUACIÓN\$ DO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUAXE ORAL E DA LECTO - ESCRITURA</b>	<b>8</b>
<b>2.6. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS: SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>10</b>
<b>2.7. OUTROS RECURSOS</b>	<b>11</b>
<b>2.8. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>	<b>12</b>
<b>3. PLAN DE ACTUACIÓN\$</b>	<b>12</b>
<b>3.1. OBXECTIVOS</b>	<b>12</b>
<b>3.2. METODOLOXÍA DE LECTOESCRITURA EMPREGADA</b>	<b>14</b>
<b>3.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<b>14</b>
<b>3.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	<b>15</b>
<b>3.3. ACTIVIDADES</b>	<b>15</b>
<b>3.3.1. LECTO – ESCRITURA DIARIA NA AULA</b>	<b>15</b>
<b>3.3.2. LINGUAXE ORAL</b>	<b>16</b>
<b>3.3.3. CONTACONTOS</b>	<b>17</b>
<b>3.3.4. TEATRO</b>	<b>17</b>
<b>3.3.5. XORNAL ESCOLAR</b>	<b>17</b>
<b>3.3.6. ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>17</b>
<b>3.4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS</b>	<b>21</b>
<b>3.5. RECURSOS DISPOÑIBLES</b>	<b>19</b>
<b>3.5.1. BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>19</b>
<b>3.5.2. RECURSOS TIC'S</b>	<b>19</b>
<b>3.5.3. OUTROS RECURSOS DO ENTORNO</b>	<b>20</b>
<b>4. RECURSOS ECONÓMICOS E MATERIAIS</b>	<b>20</b>
<b>4.1. OS QUE APORTA O CENTRO</b>	<b>20</b>

<b>4.2. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN .....</b>	<b>20</b>
<b>5. AVALIACIÓN DO PROXECTO .....</b>	<b>21</b>
<b>6. ADDENDA FINAL .....</b>	<b>22</b>
<b>6.1. DATAS DE ELABORACIÓN .....</b>	<b>22</b>
<b>6.2. CONCLUSIÓN\$ FINAIS .....</b>	<b>22</b>
<b>7. ANEXO I – CUESTIONARIOS .....</b>	<b>23</b>
<b>8. ANEXO II – ITINERARIOS LECTORES .....</b>	<b>26</b>

## **1. XUSTIFICACIÓN.**

O presente Proxecto lector elabórase partindo da lexislación vixente na nosa Comunidade:

- **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.**
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:**
  - **Título III: Programas educativos**
    - **Artigo 18. Bibliotecas Escolares e lectura:**
      - **Os centros educativos deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto lector de centro) en que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.**
      - **Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.**
      - **Fomentarse a existencia dunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto lector de centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.**
      - **Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.**
- **Decreto 130/2007, do 28 de xuño: establece o currículo da educación primaria en Galicia.**
  - **Anexo IV: Proxecto lector de centro.**
- **Decreto de primaria:**
  - **Artigo 6º: Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como Anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.**

- **Artigos 19.2/24.7/25.5 de primaria: Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.**
- **Artigo 19.3. de primaria: A fin de fomentar o hábito da lectura dedicárase un tempo diario á mesma.**

**Hoxe en día considérase que a lectura e a escritura son algo esencial e imprescindible, xa que é necesario estar preparado para asimilar, comprender e analizar a cantidade de mensaxes que a diario se reciben e poder darlles unha resposta o máis crítica posible.**

**As deficiencias de comprensión e a utilización da lectura como unha simple técnica de desciframento, son a principal base do fenómeno do fracaso escolar, por iso consideramos como un obxectivo prioritario o desenvolvemento da competencia lecto – escritora para que a consecución de óptimos niveis funcionais neste ámbito incida nos gustos lectores do alumnado e na lectura como práctica continuada.**

**Partindo da nosa realidade pensamos na necesidade de facer fincapé no desenvolvemento desta competencia coa finalidade de crear e afianzar no alumnado hábitos lecto - escritores, buscando o compromiso coas familias.**

## **2. O NOSO CENTRO.**

### **2.1. ENTORNO SOCIAL.**

**O CEIP de Foz número 1 está situado na mariña de Lugo, na vila de Foz, ubicado entre tres rúas: “Alfonso X, O Sabio”, “Salvador de Madariaga” e “Eduardo Pondal”, moi preto de dous colexios concertados. Existe outro colexio público na vila “CEIP O Cantel” que acolle aos alumnos da zona rural e parte da urbana.**

**A situación actual de aumento da poboación inmigrante na comarca é un feito que inflúe no noso centro. Debemos seguir destacando que continúan a acudir os fillos e netos das persoas que nel estudiaaron con anterioridade e xente doutras Comunidades Autónomas.**

**Na actualidade, o alumnado inmigrante supón un 25% da matrícula (177 alumnos en total).**

**Non contamos co servizo de transporte, pero sí co de comedor escolar dende o curso 2007/2008.**

## **2.2. ALUMNADO.**

**O noso centro é de liña 1 contando con 10 unidades, 3 de Infantil e 7 de Primaria distribuídos do seguinte xeito, no presente curso escolar 2017/2018:**

- **Educación Infantil 3 anos: 16 alumnos.**
- **Educación Infantil 4 anos: 15 alumnos.**
- **Educación Infantil 5 anos: 15 alumnos.**
- **Educación Primaria, 1º curso – grupo A: 18 alumnos.**
- **Educación Primaria, 1º curso – grupo B: 17 alumnos.**
- **Educación Primaria, 2º curso: 19 alumnos.**
- **Educación Primaria, 3º curso: 23 alumnos.**
- **Educación Primaria, 4º curso: 15 alumnos.**
- **Educación Primaria 5º curso: 17 alumnos.**
- **Educación Primaria 6º curso: 21 alumnos.**

## **2.3. LINGUAS EMPREGADAS NO CENTRO.**

### **2.3.1. ÁMBITO FAMILIAR:**

**A lingua empregada habitualmente nas familias considerámola de predominio galego, sendo baixa a porcentaxe de fogares español – falates; aínda que nestes dous últimos anos estamos a recibir alumnado procedente do extranxeiro: Sudamericanos (Perú, Santo Domingo, Brasil, Colombia...), Marrocos, Cabo Verde, Pakistán...**

**A lingua empregada normalmente nas interaccións comunitarias, festas, actividades lúdicas, representacións teatrais, entrevistas escolares, tutorías e predominantemente a galega.**

**A lingua empregada polo Concello, tanto en convocatorias, escritos oficiais, como en conversas telefónicas ou directas é a galega.**

**A lingua empregada por outras entidades do entorno é sempre a galega.**

### **2.3.2. ALUMNADO:**

**A lingua utilizada pola inmensa maioría do alumnado na súa vida cotiá e no ámbito escolar é a galega (un 60%). O idioma español utilízano un 40% e temos un 25%, aproximadamente, de alumnado inmigrante.**

### **2.3.3. PROFESORADO:**

**A lingua habitual predominante no profesorado é a galega. O seu nivel de capacitación para a ensinanza desta lingua é alto, xa que a meirande parte dos titores posúen o curso de especialidade.**

**A actitude cara a utilización do galego no ámbito educativo é favorable.**

### **2.3.4. IDIOMA OFICIAL NO CENTRO:**

**A presenza da lingua galega na documentación administrativa (notas, boletíns, expedientes, escritos, taboleiros) é plena.**

**A lingua empregada nas interaccións sociais é a galega.**

**As comunicacións por parte da asociación de pais e nais fannas sempre en galego.**

**En relación á biblioteca do centro, dicir que nestes últimos cursos mellorouse a dotación tanto de lectura dos distintos xéneros como de consulta. Aínda que se necesita seguir ampliando e renovando os distintos materiais. Esta renovación – ampliación faise nas dúas linguas oficiais.**

## **2.4. ANÁLISE DA PRÁCTICA LECTORA E ESCRITORA.**

**Para partir da nosa realidade comezamos esta análise pasando un cuestionario a alumnos, mestres e pais sobre a práctica lectora no centro (Anexo I).**

**A valoración que fixemos unha vez analizadas as enquisas podemos resumilas nos aspectos que sinalamos a continuación:**

- **Lectura nos libros de texto.**
- **Enunciados de problemas.**
- **Esquemas e resumos.**
- **Actividades de expresión oral.**
- **A competencia lecto – escritora e semellante nas dúas linguas.**

- **As bibliotecas de aula funcionan dun xeito variable temporalmente, formada por fondos da Biblioteca Escolar e por libros compartidos polos alumnos.**
- **As lecturas habituais dos nenos son os libros de “moda” actuais de lectura infantil e xuvenil de ficción.**
- **Dende o curso 2011/2012 temos establecidos unhas itinerarios lectores para cada ciclo. Neste novo proxecto lector de centro foron revisados e modificados, nalgúns casos, para cada curso escolar.**
- **En canto ás familias uns len habitualmente e compran fondos e outras non len con regularidade.**
- **En canto ao profesorado adoitan ler literatura de adulto e a maioría len literatura infantil e xuvenil para recomendar aos alumnos.**

## **2.5. ACTUACIÓNS DO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUAXE ORAL E DA LECTO – ESCRITURA.**

**No noso centro sempre procuramos dar gran importancia tanto á lecto – escritura coma a expresión oral, pois consideramos que son unha ferramenta necesaria para calquera actividade que se pretenda realizar. Son instrumentos fundamentais para o desenvolvemento da imaxinación, do enriquecemento do vocabulario...**

**O fomento da lecto – escritura nas aulas realízase do seguinte xeito:**

- **Lectura de diferentes tipos de textos, colectiva ou individualmente.**
- **Realización de diferentes actividades de comprensión dos mesmos tanto orais como escritas.**
- **Aplicación do programa da “Hora de Ler”.**
- **Carteis para promocionar os libros que máis lles gustan.**
- **Incentivar o uso da Biblioteca Escolar.**
- **Incentivar o uso da Biblioteca Municipal.**
- **Actuacións do Orientador do Centro:**
  - **Técnicas de estudo en 5º e 6º de primaria.**
    - **Cumprimentación dun cuestionario de técnicas de estudo que abrangue os seguintes ámbitos: ambiente e motivación, organización e emprego de técnicas.**
    - **Autocorrección do cuestionario polos alumnos de 5º e 6º de primaria (cos baremos proporcionados polo orientador).**



- **Autocalificación individualizada por todos e cada un dos alumnos deses niveis. Análise das debilidades e fortalezas.**
- **Técnica do suliñado. Sobre un texto realizáronse as seguintes prácticas: lectura global, lectura detida, en cada parágrafo facer anotacións á marxe como paso previo e imprescindible para poder suliñar posteriormente. Anticiparse que as anotacións á marxe e a parte suliñada serven para a realización de resúmenes, esquemas e/ou mapas conceptuais.**
  - **Programa de comprensión lectora. (Anexo II)**
  - **Vocabulario ortográfico de palabras básicas. (Anexo III)**

**O fomento da linguaxe oral nas aulas realízase do seguinte xeito:**

- **Asambleas de aula.**
- **Invención oral de contos.**
- **Realización de actividades de exposición oral de diversos traballos elaborados polo alumnado.**
- **Diferentes tipos de lectura realizadas en voz alta.**
- **Dramatizacións.**
- **Xogos de palabras: trabalinguas, palabras encadeadas...**
- **Participación en debates.**
- **Recitados de poesías propias ou de autores coñecidos.**
- **Recollida de lendas e posterior exposición oral ao resto de compañeiros.**

**Actuacións da Biblioteca Escolar:**

- **No curso 2010/1011 entramos no programa PLAMBE da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nos primeiros anos fóronse mellorando as dotacións de fondos, mobiliario, equipos informáticos... Na actualidade aumentamos os fondos da biblioteca segundo a dotación correspondente tendo en conta as suxerencias do profesorado e alumnado.**
- **Formación de usuarios.**
  - **Actividades dirixidas ao alumnado para o maior coñecemento da biblioteca, elaboradas polo equipo de biblioteca e realizada polos titores.**
- **Educación Documental.**
  - **Colaboración coas titorías para a orientación e búsqueda de información para os distintos traballos da aula.**

- **Elaboración e seguemento de traballos de investigación propostos pola biblioteca.**
- **Fomento da lecto – escritura.**
  - **Exposición temáticas de libros.**
  - **Publicación de cartaces coas novidades da biblioteca.**
  - **Sesións de contacontos para Educación Infantil realizado por membros do equipo de biblioteca.**
- **Fomento da linguaxe oral.**
  - **Contacontos, lecturas de poemas...**
  - **Xogos de mesa.**
  - **Dramatizacións con mor das distintas conmemoracións.**
  - **Recreos musicais.**
- **Sistema de préstamo ás aulas.**
- **Sistema de préstamo aos alumnos.**
- **Préstamo de fondos empregando as “Mochilas Viaxeiras” en Ed. Primaria e as “Bolsiñas Viaxeiras” en Educación Infantil.**
- **Sesións de contacontos nos recreos (realizados polos alumnos ou mestras).**
- **Xogos de ciencias nos recreos.**
- **Visitas de autores, ilustradores...**
- **Actualización do blog de biblioteca para a información ás familias das actividades realizadas así como facilitación de informacións varias.**

## **2.6. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS: SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

- ***Recursos materiais:***
  - **Na actualidade temos unha aceptable variedade de fondos de lectura infantil e xuvenil de ficción, así como clásica e de adulto.**
  - **Nos últimos anos fomos aumentando a dotación de fondos documentais.**
  - **Temos revistas infantís demandadas polo alumnado.**
  - **Os fondos audiovisuais foron aumentando nos últimos anos, en gran medida por dotacións desinteresadas dalgunhas familias, o que implica nun aumento de materiais de animación atractivos para o alumnado.**
  - **En canto a medios informáticos temos un cañón de proxección, tres ordenadores para uso do alumnado, un ordenador para a xestión,**

unha impresora en branco e negro e outra a cor e un disco duro extraíble.

- **Recursos humanos:**

- **Equipo de biblioteca:**
  - **Coordinadora (1 horas semanal).**
  - **Equipo de biblioteca:**
    - **Especialista Educación Física (4 horas semanais).**
    - **Titora Educación Primaria (3 horas semanais).**
    - **Titora Educación Primaria (2 horas semanais).**
- **Horario da biblioteca:**
  - **Permanecerá aberta nos periodos de recreo para uso por parte do alumnado (préstamo, lectura, ordenadores...)**
  - **No horario lectivo cada mestre que precise o uso da biblioteca poderá reservar quenda no horario.**
  - **Os membros do Equipo de Biblioteca asesoraran ao resto da Comunidade Educativa en todo o que precisen.**
- **Comisión de Biblioteca Escolar dentro do “Consello Escolar” con reunións trimestrais. Nela forman parte:**
  - **A Coordinadora da biblioteca.**
  - **Mestra do equipo de biblioteca.**
  - **A Xefa de Estudos.**
  - **Un representante dos pais.**
  - **A representante da ANPA.**
  - **A representante do Concello.**
  - **A encargada da Biblioteca Municipal.**

## **2.7. OUTROS RECURSOS.**

- **Colaboración co equipo TIC´s.**
- **Colaboración co EDLG.**
- **Colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**

## **2.8. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

Nos últimos anos, algúns membros do equipo de biblioteca, participan nos cursos realizados no CEFOR relacionados coa biblioteca e fomento da lecto - escritura. Participaremos nas “Xornadas de Bibliotecas Escolares” así como a asistencia da coordinadora aos “Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares”.

É importante que os membros do Equipo de Biblioteca, incluso todo o claustro, participen en actividades de formación relacionadas coa biblioteca.

## **3. PLAN DE ACTUACIÓN:**

### **3.1. OBXECTIVOS.**

#### **Obxectivos específicos:**

- Potenciar a comprensión e a expresión lecto – escritora dende todas as áreas do currículo.
- Potenciar a comprensión e a expresión oral dende todas as áreas do currículo.
- Formar lectores competentes para desenvolverse con éxito na vida.
- Aumentar o interese dos alumnos pola lecto – escritura.
- Lograr que a meirande parte dos alumnos descubran a lecto – escritura como un elemento de gozo persoal.
- Formentar nos nenos unha actitude reflexiva e crítica do seu contorno.
- Promover entre os alumnos o uso cotiá da biblioteca de xeito que adquiran unhas ferramentas para o manexo eficaz, así como valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes textos, en diferentes soportes, así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.
- Incorporar as TIC´s ao día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analizar a información que obteñen de xeito crítico.

**Obxectivos da Biblioteca Escolar:**

- **Achegarse á biblioteca como lugar de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.**
- **Profundizar na relación do neno coa biblioteca coma un lugar máxico onde pode saciar a súa curiosidade.**
- **Establecer un primeiro contacto co libro de xeito lúdico.**
- **Despertar, crear e extender o gusto pola lectura.**
- **Adquirir hábitos de comportamento relacionados co xeito de estar na biblioteca.**
- **Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.**
- **Profundizar nos hábitos de comportamento da biblioteca.**
- **Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.**
- **Proporcionar apoio aos programas de ensino – aprendizaxe.**
- **Asegurar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.**
- **Dotar ao alumno das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.**
- **Habituar aos alumnos á utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.**

**Obxectivos en relación ás familias:**

- **Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.**
- **Favorecer que os pais e nais se convirtan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.**

**Obxectivos en relación ao equipo docente do centro:**

- **Fomentar o préstamo ás Bibliotecas de aula.**
- **Facilitar, a través da información, o coñecemento das actividades lecto - escritoras e das estratexias de ensino máis axeitadas para levalas á práctica.**
- **Potenciar un estilo docente no que ofrezamos recursos alternativos ao libro de texto, ampliando as vías de acceso á información e ao coñecemento.**
- **Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.**
- **Fomentar o hábito de lectura diaria como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.**

- **Estimular a concepción do profesor como investigador e como dinamizador da investigación do alumno.**
- **Utilizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.**
- **Colaborar co Orientador do Centro.**

### **3.2. METODOLOXÍA LECTO – ESCRITORA EMPREGADA.**

#### **3.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

**En Educación Infantil trátase de fomentar a aprendizaxe das diversas formas de comunicación e expresión. Linguaxe verbal, artística, corporal, audiovisual e tecnoloxía da información e a comunicación confluirán á hora de abordar o currículo do 2º ciclo da Educación Infantil.**

**Non faltarán un achegamento á literatura infantil a partir de textos comprensibles e accesibles potenciando o gozo, a diversión e o xogo. Así mesmo trátase de espertar a sensibilidade e a curiosidade por coñecer outras linguas.**

**Na etapa de Educación Infantil lévase a cabo a seguinte metodoloxía lecto – escritoras (tendo en conta as distintas variacións que cada mestre titor introduza no seu día a día):**

**Metodoloxía baseada no constructivismo pasando por tres niveis:**

- **1º nivel: distinguen os modos de representación gráfica (debuxo e escritura).**
- **2º nivel: control progresivo de variacións (cualitativas e cuantitativas).**
- **3º nivel: Fonetización (silábico, silábico – alfabético – alfabético).**
- **Pártese sempre do nome dos alumnos do grupo clase:**
  - **1º do seu nome propio co que aprenderá as letras do seu nome e que se escribe sempre igual.**
  - **Logo co nome dos seus compañeiros e así ampliaremos o repertorio do letras.**
  - **Unha vez que coñecemos todas as letras traballarán todo tipo de palabras: títulos, textos cortos...**
  - **Decir que sempre se empeza a traballar con maiúsculas porque permite adiantar máis o trazado das letras e fíxanse máis no sistema alfabético.**

- **O paso á minúscula será cando xa se atopen na etapa alfabética (máis ou menos no segundo trimestre de cinco anos), é un paso moi sinxelo.**

### **3.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**Nesta etapa continúase o traballo de aprendizaxe da lecto – escritura iniciado na etapa anterior:**

- **Cada fonema vaise presentando asociado á súa grafía. Comézase polas vogais e logo as consoantes p, t, m, l, d, s, r, ... (este orden pode sufrir variacións).**
- **Trabállase sempre a lectura comprensiva a partires da unión da consoante coas vogais para formar primeiro sílabas e palabras curtas e logo frases sinxelas.**
- **Simultanéase o fonema coa súa grafía en letra manuscrita minúscula e maiúscula.**
- **Ao comezo só se traballan palabras con sílabas directas pero a medida que o alumnado vai afianzando o proceso da lectura introdúcense sílabas inversas e mixtas.**
- **Lectura e escritura ensínanse ao mesmo tempo aínda que a escritura é un proceso máis lento.**

### **3.3. ACTIVIDADES**

#### **3.3.1. LECTO – ESCRITURA.**

- **Lectura colectiva de todo tipo de textos:**
  - **Lectura colectiva de distintos tipos de textos.**
  - **Realización de direrentes actividades de comprensión dos mesmos.**
- **Lecturas individuais do libro de texto:**
  - **Lectura individual de xeito silencioso ou por turnos.**
  - **Realización de actividades de comprensión.**
- **“Hora de Ler”:**
  - **Aplicación do programa con vinte minutos diarios de lectura silenciosa e recreativa.**
  - **Individual ou colectiva, tanto silenciosa como en voz alta.**

- **Promoción dos libros lidos:**
  - **Exposición na aula da libreta da mochila viaxeira.**
  - **Elaboración de carteis e manualidades para promocionar os libros que máis lles gustaron.**
  - **Apadriñamento do libro favorito: Na biblioteca, presentamos o libro que máis nos gustou. Explicamos como chegou ás nosas mans, falamos del e das sensacións que nos fixo sentir.**
  - **Teñen un lugar na clase no que escriben suxerencias sobre os libros lidos para animar aos compañeiros a ler eses libros a modo de promoción.**
  - **Preparación de sesións de contacontos sobre o libro lido.**
- **Lectura voluntaria lúdica:**
  - **Disfrutar da lectura pracenteira e libre unha vez rematados os traballos de aula.**
  - **Elaboración dunha ilustración sobre o libro lido.**
- **Fomento da escritura:**
  - **Actividades escritas sobre a comprensión de diferentes textos.**
  - **Ilustrar o titular dunha noticia.**
  - **Inventar contos ou narracións e recollelos con ilustracións en forma de libro.**
  - **Continuar os relatos do libro de texto.**
  - **Cambiar un final dun texto.**
  - **Elaborar comics ou tiras cómicas.**
  - **Redactar ou narrar feitos da vida cotiá.**
  - **Ler unha noticia nun xornal e volver a escribir e contar coas súas palabras.**
  - **Redactar noticias de acontecementos que teñen que ver co entorno ou coa vida do colexio.**

### **3.3.2. LINGUAXE ORAL**

- **Exposicións e comentarios dos libros lidos.**
- **Exposición oral do libro que máis lles gustou da mochila viaxeira.**
- **Actividades incluídas no punto 2.5. deste documento.**



### **3.3.3. CONTACONTOS.**

Ao longo dos distintos cursos acoden ao centro diversos contacontos ofrecidos por algunhas das editoriais coas que traballan os titores do centro.

O Equipo de Biblioteca realizará unha vez ao trimestre contacontos para Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria.

### **3.3.4. TEATRO.**

En torno á conmemoración do día das “Letras Galegas” lévase a cabo unha “Semana do teatro” con representacións diversas por cursos. Cada curso fará dúas representacións no día, unha para o alumnado do centro e outra para os pais do curso correspondente.

Dende o curso 2011/2012, promovido pola biblioteca escolar, formouse un grupo de teatro no que participan pais, nais e mestres que de xeito voluntario preparan unha peza de teatro para representar a finais de curso a toda a comunidade educativa.

### **3.3.5. XORNAL ESCOLAR.**

A finais de curso elaborase no centro un xornal escolar no que se recollen unha selección de traballos do alumnado do centro, onde quedan recollidas todas as actividades desenvoltas no centro durante o curso escolar, tanto escolares como extraescolares.

### **3.3.6. A BIBLIOTECA ESCOLAR.**

As actividades que se desenvolven na biblioteca están repartidas en tres bloques de traballo: formación de usuarios, fomento da lecto – escritura e educación documental e estarán relacionadas cun Proxecto documental anual de traballo.

#### **▪ Formación de usuarios:**

- Elaboración de guías de usuarios e axudantes de biblioteca.
- Carpeta de actividades adaptadas aos niveis para levar a cabo as distintas actividades para a formación de usuarios autónomos.

- **Formación de usuarios para mestres.**
- **“Axudantes de biblioteca”, grupo de rapazes voluntarios que se comprometen a axudar no recreo as tarefas do bibliotecario.**
  
- **Fomento da lecto – escritura:**
  - **Creación de “Itinerarios lectores”.**
  - **Distintos concursos de redactores ao longo do curso.**
  - **Programa das “mochilas viaxeiras”: para alumnado de primaria.**
  - **Programa das “bolsiñas viaxeiras”: para alumnado de infantil.**
  - **Sesións de contacontos con actividades relacionadas para o alumnado de Ed. Infantil e desenroladas polo equipo de biblioteca.**
  - **Sesións de contacontos nos recreos, levados a cabo por mestres e rapaces voluntarios.**
  - **“Hora de Ler”: tempo de lectura diaria recreativa na aula.**
  - **Lectura recreativa fóra da aula cos préstamos da Biblioteca Escolar nos periodos de recreo.**
  - **Fomentar o uso da Biblioteca Municipal cunha visita guiada pola encargada da mesma, con cada ciclo.**
  - **Concurso para promocionar o “libro que máis me gustou”.**
  - **Elaboración de guías de lectura.**
  
- **Educación Documental:**
  - **Búqueda e recopilación da información relacionada co proxecto de traballo.**
  - **Elaboración de pautas e guións de traballo para o desenvolvemento do proxecto.**
  - **Organización de visitas, contacontos, charlas, actividades con pais...**
  - **Elaborar exposicións e actividades para traballar as distintas conmemoracións ao longo do curso.**
  - **Realización dun proxecto plurianual, no que participa toda a comunidade educativa, baixo o título “Coñecendo Foz pouco a pouco”.**
  
- **A biblioteca como espazo de compensación social.**

**A biblioteca ten un papel relevante á hora de funcionar como apoio ao estudo para a compensación das desigualdades sociais. Está situada na planta baixa do colexio co fin de facilitar a accesibilidade a toda a comunidade educativa.**

**As actividades propostas concrétanse en diferentes niveis para que todos os nenos podan acceder a elas sen prexuízo das súas capacidades ou destrezas. A través do sistema de préstamo conseguimos facilitarlle fondos documentais e de lectura recreativa a alumnado que polas súas características familiares non teñen acceso a eles.**

- **Recreos activos.**
  - **Recreos musicais.**
  - **Contacontos nos recreos.**
  - **Xogos de mesa.**

### **3.4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.**

**Para posibilitar que todos os cursos podan utilizar o espazo da biblioteca cada mestre pode fixar unha hora á semana para este fin.**

**O horario da biblioteca é ininterrumpido no período lectivo. Funciona ao longo de todo o curso xa que se abre no mes de setembro ata fin de curso.**

**Durante o horario escolar os préstamos fanse nos recreos polo Equipo de, despois os titores poden achegarse cos alumnos sempre que o precisen.**

**Para os asesoramentos na biblioteca débese consultar o horario do devandito Equipo .**

### **3.5. RECURSOS DISPONIBLES.**

#### **3.5.1. BIBLIOTECA ESCOLAR.**

- **Fondos documentais en diversos soportes.**
- **Diferentes zonas de traballo (mesas de traballo, espazo de lectura informal, zona de traballo para infantil).**
- **Elementos tecnolóxicos: 3 ordenadores con conexión a internet, 1 ordenador adicado á xestión, cañón de reprodución, 2 impresoras e megafonía.**

#### **3.5.2. RECURSOS TIC'S.**

**Contamos cunha aula tic's na que dispoñemos de doce ordenadores, unha impresora, un cañón de proxección e unha pantalla dixital.**

**Todas as aulas do Centro dispoñen de cañón de proxección e un ordenador. Contamos cunha aula multiusos dotada dunha pizarra dixital, proxector e cun ordenador.**

### **3.5.3. OUTROS RECURSOS DO ENTORNO.**

- **Biblioteca Municipal:**

Contamos cunha Biblioteca Municipal no concello. A encargada da mesma forma parte da “Comisión de biblioteca escolar dentro do Consello Escolar”. Programamos unha visita guiada no curso no que levamos os nenos do primeiro ciclo, ademais colabora con nós prestándonos fondos documentais e axudando naquelas cuestións que podamos necesitar.

- **“CENIMA”:**

No Concello existe un centro de exposicións da Mariña “CENIMA” que ademais está moi preto do colexio e ao que acudimos sempre que ten exposicións de interese.

- **Outros:**

Aproveitaremos outras exposicións, obras de teatro, contacontos, concertos e outras ofertas culturais que oferte o Concello ou calquera outra entidade local.

Tamén contamos con lugares de interese cultural e monumentos aos que podemos acudir para dar a coñecer o entorno aos nenos.

## **4. RECURSOS ECONÓMICOS E MATERIAIS.**

### **4.1. OS QUE APORTA O CENTRO.**

- **Material funxible para a elaboración de carteis, murais e traballos escritos, fotocopias, encuadernacións...**
- **Asignación económica por parte do centro dentro das súas posibilidades (10 %).**

### **4.2. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.**

- **Dotación económica establecida dende o “Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares” no que formamos parte dende o curso 2010/2011.**

## **5. AVALIACIÓN DO PROXECTO.**

**Os criterios nos que nos basearemos para realizar a avaliación do noso proxecto serán os seguintes:**

- **Nivel de lectura expresiva dos nosos alumnos. Ler con ritmo e entoación axeitados textos apropiados á súa idade, respectando os signos de puntuación e sen hábitos incorrectos na lectura (movemento de cabeza, sinalización co dedo ou lapis, retrocesos...).**
- **Comprensión lectora: resumir as ideas principais dun texto, sabendo eliminar a información que non é útil para a comprensión do texto.**
- **Escritura: realizar resúmenes, esquemas ou mapas conceptuais de textos axeitados á súa idade, expoñendo de forma clara e concisa as ideas principais e sen cometer erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos.**
- **Escribir textos axeitados ao seu nivel, nos que exista unha secuencia lóxica na exposición das ideas, e sen erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos, con diferentes estilos literarios.**
- **Gusto pola lectura: guiarémonos polo número de libros lidos polos alumnos, co fin de coñecer si realmente lles resulta atractivo e non hai que obrigalos a que lean un libro.**

**Para avaliar o grao de implicación do profesorado e o adecuación do noso proxecto ás necesidades do Centro e da nosa Comunidade Educativa, atenderemos aos seguintes criterios:**

- **Uso por parte do profesorado dos momentos destinados ao seu grupo dentro do horario da biblioteca.**
- **Uso dos materiais de apoio que existen na biblioteca para a axuda na súa función docente.**
- **Materiais aportados polos distintos grupos para as exposicións programadas.**
- **Cantidade e calidade de materiais elaborados.**
- **Grao de conformidade do profesorado co sistema de información do material da biblioteca.**
- **Grao de conformidade do profesorado co material existente na biblioteca e cantidade de propostas para a súa mellora.**
- **Posibilidade para desenrolar outros proxectos por parte do profesorado a partir de determinadas actividades propostas neste proxecto xeral.**

## **6. CONCLUSIÓN S FINAIS**

### **6.1. DATAS DE ELABORACIÓN.**

**O Proxecto Lector do centro elaborouse no curso 2008/2009 e por un período de tres anos para a súa execución (ata o curso 2010/2011).**

**No curso 2011/1012, foi modificado por un periodo de tres anos.**

**No curso 2014/2015 foi de novo revisado para ser executado nun período de tres anos.**

**O Presente Proxecto Lector, continuación do anterior, modificouse no presente curso escolar 2017/2018 e por un período de execución de tres anos (ata o curso 2019/2020).**

### **6.2. CONCLUSIÓN FINAL.**

**O actual Proxecto Lector elaborámolo partindo do documento anterior e adaptado ás novas necesidades do centro.**

**Na actualidade a Biblioteca funciona como centro de recursos con todos os fondos do centro centralizados nela e con distintas propostas de traballo en torno á formación de usuarios, educación documental e fomento da lecto – escritura e da linguaxe oral.**

**Dende o curso 2012/2013, vimos fomentando o traballo por proxectos. Seguiremos traballando cun proxecto anual acordado en Claustro a finais de cada curso e proposto pola Biblioteca.**

## 7. ANEXO I

<b>CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO</b>					
<b>AVALIACIÓN INICIAL DE LECTO – ESCRITURA</b>					
<b>IDADE:</b>	<b>SEXO:</b>	<b>CURSO:</b>	<b>DATA:</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
1.	Hai na túa clase unha pequena sección documental de aula?				
2.	Recoméndanche libros no colexio?	Para ler			
		Para consultar			
3.	Vas normalmente á biblioteca do teu colexio?				
4.	A quen consultas para que che suxiran lecturas?				
5.	Levas libros prestados da biblioteca do colexio?				
6.	Eres socio da biblioteca pública?				
	Vas con regularidade?				
	Levas libros emprastados?				
7.	Que tipo de libros les?				
	De literatura infantil e xuvenil _____ Documentais e informativos _____				
	Comics/tebeos _____				
8.	Canto tempo dedicas semanalmente a ler por gusto?				
9.	Canto tempo dedicas semanalmente a ler para estudar?				
10.	Canto tempo dedicas ao día a ver televisión?				
11.	Canto tempo dedicas a xogar no ordenador?				
12.	Escribe o título dos tres últimos libros que leras enteiros e che gustaran moito.				
	1.				
	2.				
	3.				
13.	Realizas actividades de confección de esquemas e mapas conceptuais?				
14.	Realizas normalmente resumos de textos?				
15.	Lenche os teus mestres en voz alta?				
16.	Recoméndanche os mestres lecturas complementarias ao libro de texto?				
17.	Realizas actividades de clase empregando recursos de internet, DVD, Cdrom...?				
18.	Realizas actividades orais, escritas e de consulta antes das actividades escolares?				
19.	Realizas actividades utilizando textos de referencia e de consulta que non sexan o libro de texto?				
20.	Cústache comprender o que les?				
21.	En que materias tes máis dificultades?				
	____ Coñecemento do Medio      ____ Lingua castelá e literatura				
	____ Matemáticas                      ____ Lingua galega				
	____ Música                                  ____ Lingua estranxeira				
	____ E.F.    ____ Plástica				
	____ Informática				
22.	Hai na túa clase biblioteca de aula?				
23.	De que son os libros da biblioteca de aula?				

24.	Podelos levar emprestados?		
25.	Cómpranche libros teus pais?		
26.	Len os teus pais con regularidade?		
27.	Que len? Libros _____ revistas _____ xornais _____ nada _____		



**CUESTIONARIO PARA O PROFESORADO  
INTERVENCIÓN E ACTUALIZACIÓN DIDÁCTICA. FORMACIÓN. PRÁCTICA LECTORA**

TITOR DE: _____ ESPECIALISTA DE: _____ DATA: _____		SI	NON
1.	Utilizas a biblioteca co teu alumnado para complementar o teu labor?		
2.	Realizas actividades de confección de mapas conceptuais, esquemas e resumos?		
3.	Recomendas ao alumnado lecturas complementarias ao libro de texto?		
	Utilizas lecturas complementarias ao libro de texto?		
4.	Realizas actividades utilizando recursos electrónicos de internet, DVD, CDRom...?		
5.	Realizas actividades utilizando libros de referencia e de consulta?		
6.	Realizas traballos de documentación e reflexión antes e despois dunha actividade complementaria ou extraescolar?		
7.	Ensinas ao alumnado habilidades no uso da información e traballos documentais baseados en distintas fontes?		
8.	Desenvolves actividades de promoción lectora utilizando os recursos bibliotecarios?		
9.	Empregas os textos do alumno para traballar aspectos relacionados coa comprensión e expresión escrita?		
10.	Realizas actividades de exposición oral?		
11.	Pides ao teu alumnado que recopile nunha carpeta os seus traballos documentais, escritos, comentarios de lectura...?		
12.	Realizas actividades de lectura en voz alta?		
13.	Les con regularidade libros de ficción?		
14.	Les con regularidade prensa de información xeral?		
15.	Les con regularidade revistas relacionadas coa túa área ou traballo?		
16.	Les con regularidade libros relacionados coa túa área ou traballo?		
17.	Consultas regularmente internet para documentarte e preparar o teu traballo docente?		
18.	Realizaches actividades de formación relacionadas coa utilización didáctica da biblioteca?		
19.	Realizaches actividades de formación relacionadas con estratexias de comprensión lectora?		
20.	Consultas os fondos da Biblioteca Escolar para preparar o teu traballo docente?		

CURSO:

ANO ACADÉMICO:

**Características do grupo**

**Análise da situación (prácticas lectoras do grupo, ambiente sociocultural, competencia en comunicación lingüística, experiencias literarias...).**

**8. ANEXO II**

<b>ITINERARIOS LECTORES</b>	
<b>CICLOS</b>	<b>LECTURAS</b>
<b>ED. INFANTIL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>“Como mola tu escoba” (Ed. Macmillan).</b></li> <li>▪ <b>Colección do Berce á Lúa” (Ed. Kalandraka).</b></li> <li>▪ <b>A Coelliña Marcela (Ed. Kalandraka”.</b></li> <li>▪ <b>“La superabuela” (Ed. Beascoa).</b></li> <li>▪ <b>“Pájaro amarillo” (Olga de Dios).</b></li> <li>▪ <b>“Perdido y encontrado” (Jeffers, Oliver).</b></li> <li>▪ <b>“La avellana” (Ed. Kokinos).</b></li> <li>▪ <b>“La luz de Lucía” (Ed. Cuento de Luz).</b></li> <li>▪ <b>“La vocecita” (Ed. Kokinos).</b></li> <li>▪ <b>“El cocodrilo al que no le gustaba el agua” (Ed. Gemma Merino).</b></li> <li>▪ <b>“Polo camiño” (Ed. Kalandraka).</b></li> <li>▪ <b>“Baixa gata” (Ed. Lata de sal).</b></li> <li>▪ <b>“La vaca que se subió al árbol” (Ed. Gemma Merino).</b></li> <li>▪ <b>“Las jirafas no pueden bailar”.</b></li> <li>▪ <b>“Los secretos del Cole”.</b></li> <li>▪ <b>“O xigante do Pantano” (Ed. OQO).</b></li> <li>▪ <b>“A sopa mais rica do mundo”.</b></li> <li>▪ <b>“Cerca” (Ed. Kalandraka).</b></li> <li>▪ <b>“A banda dos cueiros”.</b></li> <li>▪ <b>“O soño de Matías”.</b></li> </ul>
<b>1º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>POESÍA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Os soños na gaiola de Manuel María”.</b></li> <li>○ <b>“Cantarolas” de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda.</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>TEATRO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Adaptacións teatrais de contos clásicos: A ratiña presumida, A princesa adormecida, Brancaneves, Xoán sen medo, Carapuchiña vermella...</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>NARRATIVA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Eu son eu” de Fina Casalderrey.</b></li> <li>○ <b>“Quen me quere adoptar” de Fina</b></li> </ul> </li> </ul>

	<p><b>Casalderrey.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“El topo que quería saber quién le había hecho aquello en su cabeza” (Ed. Santillana) de Werner Holzwarth.</b></li> </ul>
<b>2º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>POESÍA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Os soños na gaiola de Manuel María”.</b></li> <li>○ <b>Cantarolas” de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda.</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>TEATRO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Adaptacións teatrais de contos clásicos: A ratiña presumida, A princesa adormecida, Brancaneves, Xoán sen medo, Carapuchiña vermella...</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>NARRATIVA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Un cabalo de lume” de Fina Casalderrey.</b></li> <li>○ <b>“Matrioska” de Dimiter Inkiow.</b></li> </ul> </li> </ul>
<b>3º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CÓMIC:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Mortadelo y Filemón”.</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>NARRATIVA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Adelaida, Henrique e demais familia”, Xabier P. Docampo. Editorial Galaxia.</b></li> </ul> </li> </ul>
<b>4º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>POESÍA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Poemar o mar” de Antonio García Teijeiro, Ed. Xerais.</b></li> </ul> </li> <li>▪ <b>NARRATIVA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“O agasallo de Ania” de Sabela Nuñez, Ed. Galaxia.</b></li> <li>○ <b>“El dedo mágico” de Roald Dahl, Ed. Loqueleo – Santillana.</b></li> </ul> </li> </ul>
<b>5º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>NARRATIVA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>“Muriel” de María Canosa, Ed. Xerais.</b></li> <li>○ <b>“Un fantasma para Ángela” de Lucía</b></li> </ul> </li> </ul>

	<p><b>Baquedaro.</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>POESÍA:</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>“O que ven os ollos dos nenos” de Antonio García Teijeiro.</b></li></ul></li></ul>
<b>6º CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>NARRATIVA:</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>“Lúa de Senegal” de Agustín Fernández Paz.</b></li><li>○ <b>“La fábrica de chocolate” de Roald Dahl, Ed. Alfaguara.</b></li></ul></li><li>▪ <b>POESÍA:</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>“El sabor de las palabras” Ed. Anaya.</b></li></ul></li></ul>